



PDR 2014_2020 DE GALICIA

PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Medida 16 Cooperación

Submedida 16.4

**Apoio para a cooperación horizontal e vertical
entre os axentes da cadea de subministración
para a creación e o desenvolvemento de
cadeas de distribución curtas e mercados
locais e para actividades de promoción nun
contexto local relacionado co
desenvolvemento de cadeas de distribución
curtas e mercados locais**



Índice

1.	Medida 16. Cooperación	3
1.1.	Submedida 16.4 Apoio para a cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de subministración para a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais e para actividades de promoción nun contexto local relacionado co desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais	4
1.1.1.	Que tipo de actuacións se financian?	4
1.1.2.	Quen pode solicitar esta axuda?	4
1.1.3.	Como se outorga a axuda?	4
1.1.4.	Que tipo de gastos se financian?	5
1.1.5.	Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?	5
1.1.6.	Que criterios serán utilizados para a selección?	5
1.1.7.	A canto ascende esta axuda?	6
1.1.8.	Quen xestiona esta axuda?	7
1.1.9.	Marco normativo	7
1.1.10.	Documentos e ligazóns relacionados	8

1. Medida 16. Cooperación

Para este período 2014-2020 a Unión Europea aposta pola innovación nos proxectos, produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías que afectan ao sector agrario, forestal e agroalimentario. É por iso, que no Programa de Desenvolvemento Rural se trata a cooperación como un elemento transversal e se orienta principalmente á innovación. A medida de cooperación componse dun conxunto de 7 axudas que fomentan o traballo en conxunto co fin de incluír melloras nos sectores agrario, forestal e agroalimentario galegos.

Dado que a cooperación se entende como unha medida transversal ao conxunto de actuacións recollidas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, fórmulanse dúas liñas de traballo, por unha banda, as axudas referidas ao desenvolvemento de proxectos piloto e novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, forestal e cadea alimentaria. E polo outro, as axudas destinadas a fomentar a cooperación como eixo condutor do cumprimento das prioridades de desenvolvemento rural.

Para iso, articúlanse as seguintes submedidas:

- ✓ Submedida 16.1 Apoio para a creación e o funcionamento de grupos operativos da EIP en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas
 - Operación 16.1.1: Axudas á creación de grupos operativos da AEI
 - Operación 16.1.2: Axuda para a execución de proxectos dos grupos operativos da AEI
- ✓ Submedida 16.2 Axudas para proxectos piloto e desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías
- ✓ Submedida 16.3 Cooperación entre pequenos operadores para organizar procesos de traballo conxunto e compartir instalacións e recursos, así como para o desenvolvemento / a comercialización do turismo
- ✓ Submedida 16.4 Apoio para a cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de subministración para a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais e para actividades de promoción nun contexto local relacionado co desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais
- ✓ Submedida 16.5 Apoio para accións conxuntas realizadas con vistas á mitigación ou a adaptación ao cambio climático e para enfoques conxuntos con respecto a proxectos medioambientais e prácticas medioambientais en curso
- ✓ Submedida 16.8 Apoio para a elaboración de plans de xestión forestal ou instrumentos equivalentes

1.1. Submedida 16.4 Apoio para a cooperación horizontal e vertical entre os axentes da cadea de subministración para a creación e o desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais e para actividades de promoción nun contexto local relacionado co desenvolvemento de cadeas de distribución curtas e mercados locais

O obxectivo desta medida é fomentar a cooperación entre produtores primarios ou microempresas agroalimentarias para a creación ou consolidación de mercados locais e a promoción de canles curtas de distribución. A iniciativa límitase ao marco territorial concreto de pertenza dos axentes.

1.1.1. Que tipo de actuacións se financian?

Poderanse financiar aquelas actuacións de cooperación levadas a cabo no marco territorial concreto de pertenza dos axentes e que permitan:

- ✓ A creación ou consolidación de mercados locais entendidos como aqueles comprendidos nun radio non superior a 20 Km desde a explotación de orixe do produto, na que deberán ter lugar as actividades de transformación, e o punto de venda ao consumidor final, medidos en liña recta sobre plano.
- ✓ A promoción de canles curtas de distribución entendidos estes como aquelas canles nos que non interveña máis dun intermediario entre o produtor e o consumidor.

1.1.2. Quen pode solicitar esta axuda?

Consideraranse como posibles beneficiarios desta axuda os colectivos de agricultores, gandeiros e/ou microempresas dun mesmo ámbito rural de Galicia, cun mínimo de 2 socios, constituídas baixo calquera fórmula xurídica admisible e que teñan un obxectivo común de promover a produción conxunta e ordenada, así como a comercialización dos seus produtos en mercados locais ou a través de canles curtas de distribución. As entidades locais poderán participar como impulsores e animadores das iniciativas levadas a cabo nos seus territorios.

1.1.3. Como se outorga a axuda?

Trátase dunha subvención convocada en réxime de concorrencia competitiva.



1.1.4. Que tipo de gastos se financian?

Poderán financiarse os seguintes custos:

- ✓ Redacción do proxecto
- ✓ Estudos de mercado
- ✓ Infraestruturas de arranque de actividade
- ✓ Divulgación da actividade e promoción da comercialización dos produtos en canles curtas de distribución
- ✓ Salario do coordinador
- ✓ Actividades formativas específicas para as microempresas ou axentes participantes no proxecto de cooperación
- ✓ Constitución e rexistro de marca
- ✓ Estableceranse custos de referencia con límites máximos admisibles para os estudos de mercado, as actividades formativas e os custos salariais.

1.1.5. Que requisitos se han de cumprir para recibir a axuda?

As agrupacións de explotacións ou microempresas beneficiarias han de estar constituídas legalmente, pertencer a un mesmo ámbito territorial e contar cun mínimo de 2 socios que desenvolvan unha iniciativa de produción ordenada e promoción dun mercado local ou de distribución en canles curtas.

Tanto os produtores individuais como, polo menos, o 50% dos seus membros no caso de entidades de produtores baixo calquera forma xurídica, deberán ser titulares de explotacións inscritas no Rexistro de explotacións agrarias de Galicia.

1.1.6. Que criterios serán utilizados para a selección?

Aplicaranse criterios de selección de maneira obrigatoria, mesmo nos casos en que o orzamento da convocatoria sexa superior á demanda de financiamento. Os criterios de selección deberán estar claramente definidos antes do inicio do proceso de solicitude para garantir a igualdade de trato de todos os posibles solicitantes. En xeral, para cada criterio de selección outórganse puntos e a puntuación total da aplicación debe ser a suma dos puntos de todos os criterios de selección que se satisfagan.

En particular, poderán aplicarse os seguintes criterios:

- ✓ Cooperación horizontal e vertical entre axentes da cadea alimentaria para o establecemento de canles curtas de distribución e mercados locais



- ✓ Actividades a nivel local para a promoción de canles curtas e mercados locais

Os criterios establecidos deberán permitir valorar os seguintes aspectos:

- ✓ a calidade do proxecto
- ✓ o interese/impacto do mesmo na comarca ou zona onde se vaia a desenvolver
- ✓ a viabilidade do proxecto
- ✓ os obxectivos perseguidos e o valor engadido esperado

Ademais, poderán referirse a:

- ✓ a orientación produtiva
- ✓ o número de explotacións participantes
- ✓ a creación e mantemento do emprego
- ✓ o fomento da actividade laboral de mulleres ou mozas
- ✓ a situación territorial dos axentes asociados

A valoración dos proxectos será levada a cabo por unha comisión de valoración cuxa composición deberá detallarse na convocatoria, que recollerá expresamente os criterios e a súa valoración ponderada, así como aqueles requisitos que poidan reflectir a madurez do proxecto.

Os proxectos deberán incluír as posibles accións formativas previstas, así como os plans de divulgación, comunicación, seguimento e control.

1.1.7. A canto ascende esta axuda?

A axuda poderá ser de ata o 100 % dos custos elixibles. Mediante convocatoria en concorrencia competitiva valoraranse os proxectos e ordenaranse de maior a menor puntuación. Obterá o 100% dos custos subvencionables o proxecto que obteña a maior puntuación. O resto de proxectos ordenaranse da seguinte forma:

- ✓ Outorgarse o 90% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 1 e 6 puntos menos, ambos inclusive.
- ✓ Outorgarse o 80% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 7 e 12 puntos menos, ambos inclusive.
- ✓ Outorgarse o 70% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 13 e 18 puntos menos, ambos inclusive.
- ✓ Outorgarse o 60% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 19 e 24 puntos menos, ambos inclusive.
- ✓ Outorgarse o 50% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 25 e 30 puntos

menos, ambos inclusive.

- ✓ Outorgarase o 40% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 31 e 36 puntos menos, ambos inclusive.
- ✓ Outorgarase o 30% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 37 e 42 puntos menos, ambos inclusive.
- ✓ Outorgarase o 20% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 43 e 48 puntos menos, ambos inclusive.
- ✓ Outorgarase o 10% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 49 e 54 puntos menos, ambos inclusive.
- ✓ Outorgarase o 5% da axuda aos proxectos que obtivesen entre 55 e 60 puntos menos, ambos inclusive.

1.1.8. Quen xestiona esta axuda?

Esta axuda está xestionada pola Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER).

1.1.9. Marco normativo

- ✓ Regulamento (UE) Nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013 , polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo y de la Pesca, y por el que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)
- ✓ Regulamento (UE) Nº 1407/2013 da Comisión, de 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis
- ✓ Regulamento Delegado (UE) Nº 807/2014 da Comisión, de 11 de marzo de 2014, que completa o Regulamento (UE) Nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias
- ✓ Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

- ✓ Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia
- ✓ Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico

1.1.10. Documentos e ligazóns relacionados

- ✓ Portal de Innovación IDi-A (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
<http://www.idi-a.es>
- ✓ Programa Nacional de Innovación e Investigación Agroalimentaria e Forestal. Documento estratéxico. Xaneiro 2015 (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)
http://www.idi-a.es/sites/default/files/magrama_programa_nacional_de_innovacion_e_investigacion_agroalimentaria_y_forestal_0.pdf
- ✓ Axencia Galega para o Desenvolvemento Rural (Agader)
<http://agader.xunta.gal>
- ✓ Para obter máis información, consulte a sección 8.2.13.3.5 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020